

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2023/9	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Sorteo de mesas electorais ao abeiro do Real Decreto 400/2023, de 29 de maio de disolución o Congreso dos Diputados e do Senado y de convocatoria de eleccións»
Data	22 de xuño de 2023
Duración	Desde as 9:31 ata as 9:47 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	María Dolores Castiñeira Alén
Secretaria	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	NON
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
José Luis Fernández Pérez	SÍ
Manuel González Rodríguez	SÍ
Marcos Troncoso Estévez	NON
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Salustiano Guerra García	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ
Selene González Luis	SÍ



Vanessa Rocha Núñez	SÍ
Verónica Tourón Domínguez	SÍ
Ángela Ledo Souto	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Sorteo de mesas electorais. Eleccións locais de 23.07.2023

Sra. Alcaldesa: Bo día a todos e todas e sobre todo aos veciños que nos escoitan, quero empezar esta nova lexislatura, este novo pleno saudando a veciñanza e saudando tamén aos compañeiros e compañeiras que por primeira vez acudides a este salón de plenos para un pleno, un pleno que nesta ocasión é para celebrar un sorteo de mesas electorais ao abeiro do Real Decreto 400/2023, de 29 de maio, de disolución do Congreso dos Deputados e do Senado e a convocatoria de eleccións, no seu primeiro e único punto o que imos facer é o sorteo das mesas, si tedes algo que dicir tedes unha quenda de palabras.

Sr. Rodríguez Davila: Bos días señores membros desta Corporación municipal a todos benvidos a este novo mandato 2023-2027 e como dixen no pleno de constitución desta Corporación os mellores acertos para todos e tamén saudar aos veciños que a través das canles nos estean escoitando ou nos vaian a escoitar nos próximos días, a todos eles o noso saúdo e como ben dicía a Sra. Alcaldesa vamos a facer o sorteo e esperemos que os que lle toquen en esa labor do próximo domingo 23 de xullo o leven do mellor xeito posible que sufran pouca calor e que sexa levadeiro.

Sra. Tourón Domínguez: A todos a todas e a única persoa que está no público acompañándonos aquí hoxe e tamén a aquelas que nos seguen dende as súas casas, xa vos din a benvida a todos e todas no pleno de investidura volvo a reiterar esa benvida e sobre todo que polo ben dos e das salcedenses teñamos moitos acertos nesta lexislatura, grazas.

Sr. Guerra García: Bos días, grazas pola recepción e espero que esteamos aquí para dar o mellor de nós e para o ben da veciñanza.

Procédese, de conformidade co Real Decreto 400/2023, de 29 de maio, de disolución



do Congreso dos Deputados e do Senado e de convocatoria de eleccións a ambas Cámaras, que se celebrarán o domingo 23 de xullo de 2023, ao sorteo dos membros de mesas electorais no departamento de rexistro municipal, coa asistencia das/dos concelleiras/concelleiros Sras./Sres. González Luís, Rocha Núñez, Ledo Souto e Guerra García

O resultado do sorteo achegase como anexo á presente acta.

Sra. Alcaldesa: Continuamos unha vez realizado o sorteo de mesas electorais para as eleccións xerais do 23/07 deste ano, rematamos esta sesión plenaria, antes de despedir este corto pleno aínda que importante posto que volvemos a celebrar a festa da democracia, para min é unha sorte pertencer a unha democracia cos seus defectos pero dende logo o pobo é quen ten a potestade de elixir. Si antes lle din unha quenda de palabras as portavocías neste primeiro pleno celebrado no salón tamén lla vou a dar a aqueles Concelleiros e Concelleiras que se achegan por primeira vez, as desculpas que vos traslado, que supoño que faremos extensivas, de Ana Cristina e Marcos Troncoso que por motivos laborais non nos poderon acompañar hoxe neste pleno, benvidos a Vanessa, Luis e Manuel si queredes falar, adicar as vosas primeiras palabras aos veciños e veciñas adiante, tendes a oportunidade, queda a compañeira Selene por si quer dar a benvida á veciñanza.

Sra. González Luís: Agradecer a ti e ao resto dos compañeiros a benvida, quedan moitas cousas por facer, moito que traballar e espero que se poida se poida realizar do mellor xeito posible, gracias.

Sra. Alcaldesa: Os mesmos desexos dialogo, achegamento, comunicación e por suposto o debate será benvido pero que todo sexa polo futuro e polo progreso do benestar dos nosos veciños e veciñas.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

